

# A NOSTRA TERRA



Ano XXX — Núm. 466

BOS AIRES, DECEMBRO DE 1948

## Diada de Loito Pra Galeguidade

### BAFO DE TREIDURIA

Poucas semáns despóis das derradeiras eleccións do Centro Galego, comezou a cheirarse nos ámbitos d-aquela entidade un bafio de treiduría. Aos lobos que se cubriran con pelica de ano inocente, xa se lles ía ollando a dentamía carniceira e as poutas impacientes. Instintivamente a geleguidade ventou o perigo, e pol-a súa voce máis outa deu a sinal de alarma: o noso esgrevio Castelao escribiu, na anterior edición d-iste periódico, as frases lapidarias:

"No Centro Galego pode pasar o que uns e outros, menos nós, queren que pase: o que ninguén máis que nós tratou de evitar. Porque o noso intrés pol-o Centro Galego é patriótico, non político; e sempre colaboraremos con quen honre a nosa coleitividade nunca con quen a deshonre. Castelao".

Ao mesmo tempo, os irmáns galeguistas que foran novamente desñados pol-a Xunta Directiva do Centro Galego pra integrar a Comisión de Cultura refugaron os postos nos derradeiros días do mes de novembro. despóis d-unha conferencia sostida co presidente Villamarín, da que sairon co tristeiro convencimento de que a treiduría ístá base incubando.

### A COLABORAZON GALEGUISTA

Nas eleccións de Outono do 1947, foi castigada a Agrupación "Celta" que dirixe a "Cova de Lalín". Foi castigada pol-as súas defeccións e deslealtades; izamento da bandeira "mata-nenos", recebimento da embaixada falanxista do cruceiro "Galicia";

### O CENTRO GALEGO DE BOS AIRES FOI LUXADO EA COLEITIVIDADE GALEGA FOI FERIDA

e pol-as súas graves fallas administrativas: os roubos descubertos, a parcialidade no otorgamento de camas do Sanatorio, desorde nos servizos médicos, etc. O eleitorado afastou con resoante labazada aos monifates da "Cova de Lalín" e levou a presidencia do Centro Galego a Xosé Villamarín, home que xa servira a entidade e que ístaba alonxado dende faguía anos.

Villamarín chamou aos galeguistas a colaborar na Comisión

mente galeguista que é contraposto abertamente ao réxime falanxista que ten escravizado ao povo galego eo povo hespañol. Baixo isas garantías, rubricadas pol-a ancianidade de Villamarín que ispiraba respeto, os galeguistas colaboraron leal e eficazmente. Resultas da súa colaboración foron as brillantes Xornadas Galegas que prestixaron luminosamente ao sagro nome de Galiza e que enorguleceu a nosa coleitividade pol-a estraordinaria i eloxiosa resoanza que ti-

bou cultural galega e que tudo o Centro Galego mesmo.

### E FIXOSE A TREIDURIA!

Sclapadamente, caladamente, da maneira máis cobarde e vergoñenta, perparouse e se reaizou a treiduría. Mesmo pareceu coma si el lles rabuñase na conciencia! Mesmo pareceu coma si as voces anguriosas e doordidas dos nosos milleiros de mártires galegos asesinados pol-o falanxismo hespañol lle impuxese medo! Mesmo pareceu que tiñan

**CONSTE** que no día 25 do pasado xullo e sendo as dez da mañán, o presidente do Centro Galego, don Xosé Villamarín, mandou arriar a bandeira da súa patria, que ondeaba no pazo da dita institución.

Pasados cinco meses, o mesmo presidente, Sr. Villamarín mandou franquear as portas do Centro Galego para recibir a un persoaxe da súa patria, non autorizado pol-a opinión dos asociados.

Decíase que o Sr. Villamarín era un home sinceiro e prudente; pero agora constatamos que non pasa de ser un probe home.

de Cultura. Os receos e prevencións que en nós espertaba no orde ideolóxico, fixeron que os galeguistas invitados a colaborar lle falasen con prena craridade eisixíndolle garantías denantes de aceptar os postos ofrecidos. Villamarín deu solenes garantías de que non se trocaría a posizón que xa tiña o Centro Galego no preito hespañol aínda non zanzado, acedeu a que se repuxera a bandeira galega —;bandeira de liberdade e republicán!—, e deu o máis amplo marxe pra desenrolar a labouira cultural baixo o sino patriótico galego, val dicir: nidia-

veron no periodismo e na radio argentinas.

As garantías do Villamarín chegaron a máis: chegaron a faguer arriar a bandeira franquista do fronte do Centro Galego na mañán do Día de Galiza, pra que os galeguistas non tiveran impedimentos pra aitar nos aitos d-isa data, e pra cumprir cos prometimentos que lle fixera ao noso gran Castelao, a seu requerimento, cando o invitou a pronunciar o discurso principal do 25 de Xullo, Día de Galiza.

O período regramentario d-aquela Comisión de Cultura finalizou, habéndose cumprido correitamente pol-o Villamarín e pol-a X. D. que il presidía (e cúa maoría era d-Agrupación Celta), co pautado cos galeguistas. Istes, pol-a súa banda, tamén cumpriron brillante e lealmente coa súa misión patriótica.

Chegou o novo período, e novamente foron nomeados (sen previa consulta) os mesmos irmáns galeguistas pra integrar a Comisión de Cultura. Pero istes, denantes de aceptar os cárragos, volveron a pedir as mesmas garantías. N-unha longa entrevista o Villamarín andivo manexando argumentacións cauciosas e retortas que cheiraban a hipocresía...! Os galeguistas, entón, dinamente se lle chantaron e lle negaron abertamente a súa colaboración! Os galeguistas rechazaron alteirosos os falagos eos pregos que lles fixo o Villamarín. N-iles foi lei a frase do inmortal mariño galego Méndez Núñez: "Máis val honra sin barcos que barcos sin honra"; iles tamén pensaron que máis valía a honra do sagro nome de Galiza, do nome da nosa coleitividade de Bós Aires, que tudal-as ventaxes que lle ofrecían pra la-

vergoña e repugnancia de sí mesmos!

Luxaron o Centro Galego entre o lusco e fusco do derradeiro día do ano. N-iste 31 de Nadal do ano 1948, cometeuse o feito infamante! Da maneira máis tristeira e indecorosa, treicionando os sentimentos ben craros e manifestos da coleitividade galega; treicionando Villamarín a liña que se impuxera no primeiro período da súa presidencia ao levar a galeguistas e republicáns representativos a colaborar a súa veira, ao invitar a Castelao a ser voceiro do Centro Galego

no derradeiro Día de Galiza, ao non cumprir coa manifestazón que fixera de que "si as circunstancias ou presións o obrigaban a levar tal "visitante" ao Centro Galego él, denantes de facer prantearía a custión n-unha xuntanza dos homes máis representativos da coleitividade", ao desbotar cínicamente o significado dos agasallos que lle fixeron os Centros Orensano, Corcubión e Betanzos, nos cales il accutou e asintiu as espresións de republicanismo e de condanación ao réxime que ten escravizada a Galiza ea Hespaña, feitas craramente pol-os oradores...

Tristeiro papel o d-iles: os que fixeron a treiduría. E tamén ben tristeiro o papel do "visitante" (o señorito bilbaíno chamado na súa terra "barlovento" pol-a súa facilidade de adautación ao sol que millor quenta) que tivo de ir de "tapadillo", casi coma de matute, aterecido pol-a friaxe do témero valdeiro que se lle fixo... Catro dereitivos, catro achegados aos dereitivos e uns cantos empregados da entidade e unhas cantas enfermeiras do Sanatorio, forzados a faguer de comparsas... A moito tirar: catro ducias de persoas a recibilo, das cales, a maoría, avergoñados esquivaban sair nas fotos que se tomaron. ¡E, por contra, 300.000 galegos que moramos n-ista banquerida cibdá de Bós Aires, —espello de liberdade, de democracia e de dindade cibdadán—, a desprecialo coa nosa ausencia!

### A RESPONSABILIDADE

Dende logo recae primeiramente no esventurado Villamarín (Continúa na pág. 2)

## A Coleitividade Reauciona Indiñada

A felonía que se cometeu no Centro Galego feriu fundamentalmente a nosa coleitividade. No seo das sociedades e círculos galegos, os ánemos istán alporizados. Unha rexa ola de indiñazón se vai erguendo o través da masa de 300.000 galegos radicados en Bós Aires. A condanazón máis enérxica do "feito infamante" é xera na coleitividade galega.

Xa istá en marcha a idea d-unha protesta conxunta feita pol-as máis representativas entidades, que amostrará a opinión pública arxentina que a nosa patria Galiza ea nosa coleitividade galega istán ao marxe da "visita" que Villamarín levou de matute ao Centro Galego e que a repudian alteirosamente.

Xa istá en marcha tamén un movemento de afiliados a Agrupación "Galicia" pra pedir e conquistar a eispulsión do Villamarín.

¡A treiduría non ficará impune! ¡Os treidores ficarán marcados a fogo pra sempre! Terán de camiñar pol-os vieiros da coleitividade coa cabeza gacha e coa conciencia queimada pol-o remordemento! Iles serán os "xudeos errantes" da nosa coleitividade! Tristeiro e margurado final pra os Villamarín, Roque Ferreiro, Manoel Otero, Xosé Limeres, Xosé Campos, Manoel Burés e outras troitas que iremos pondo no "cadro do deshonor".

## Comuñicado

A dindade da coleitividade galega istá por enriba de tudal-as comenencias de orde material.

O presidente do Centro Galego de Bós Aires, eos membros que o acompañan, deben saber que non se pode deshonrar impunemente a toda unha coleitividade que sempre deu mostras do seu sentimento democrático.

Hoxe, ante a claudicazón entreguista, erguemos o noso espírito, refirmando a nosa solidariedade co Presidente do Consello de Galiza, Dr. Alfonso R. Castelao, eas nosas conviccións republicáns, repudiando a treiduría dos que, usurpando a representación dos galegos, pretenden faguernos aparecer n-unha posizón que non istá de acordo cos nosos sentimentos.

Que naide se chame a engano. Nós refugamos ao presidente señor Villamarín ea todos os que fixeron a treiduría e tamén a aqueles que a toleran coa complicidade do seu silencio.

Os galegos non claudicamos. Istamos onde temos que istar. Na posizón que nos sinalaron os nosos mortos. Sempre na defensa do noso povo. Enténdase ben: NOS NON SOMOS TREIDORES.

A representación dos galegos emigrados non é o Centro Galego. Istá nas entidades e n-elas non poiden entrar os enemigos de Galiza. Nós non esquencemos o berro da nosa loita: "¡DENANTES MORTOS QUE ESCRAVOS!"

CENTRO BETANZOS

# Relembrando a Pardo de Ceta

CON motivo do aniversario do asesiato do gran mariscal, que morreu pola liberdade de Galiza, o xornal "Opinión Gallega" publicou o brillante artigo que a continuación reproducimos, porque nél latexa o espírito galeguista e fidelmente interpreta o noso pensamento.

## DIADA DE LOITO

N-iste mes de Nadal dáse un aniversario tristeiro pra galeguidade. É unha diada de loito pra nosa patria galega. O 17 de decembro do 1833, foi decapitado na prócer Mondoñedo o Mariscal Pere Pardo de Ceta, esgrevio, esforzado e valente defensor das liberdades e da personalidade histórica de Galiza. Con el, peor que a tráxica inxustiza fose máis completa, decapitaron tamén a seu fillo, mozo baril de sois dezaioito anos, e o seu fidel Miranda. Xa van alá perto de cinco séculos, dende que os Reises Católicos cometeron ise feroce crime, e aínda pol-os vals e montañas da nosa Terra, anda latexante a door e a protesta do curazón da patria Galiza.

O povo galego non esquece aquí feito alitante que tronzo a sua libertzade, que abafou o seu espírito, que amagastrou a sua personalidade nacional e que lle esviou a sua historia.

Galiza era Reino de sí; Galiza tiña inzada a sua nazonalidade; Galiza tiña as súas leises propias, seu idioma propio e seu xeito de se gobernar. Mais n-un día mouro, as ambicións e o espíritu imperialista de Castela, rexamentes adeministrados pol-a raíña Isabel, mal chamada a Católica, botáronse enriba da nosa patria, rompendo treidoramente tratos e compromises tradicioaes. Galiza foi invadida pol-a soldadesca castelán. Fernando de Acuña e Lois Mudarra foron os xefes desñados pol-os Reises Católicos pra someter a Galiza a sangue, ferro e fogo. El cumpriron o seu maldizoado encárrago sen miramentos; con bárbara rixeza e sanguinanta ferocidade.

O esgrevio Mariscal Pardo de Ceta erguen bandeira pro o defendemento da sagra Terra, pra soste os dereitos da nazon galega. Con el loitaron rexa e valentemente os patriotas galegos. O castelán non daba conta d-iles, por moitos reforzos que lle chegaban da meseta. O galego era indomabel. ¡Loitaba pol-o seu fogar, pol-a sua libertzade, pol-o mañán dos seus fillos! A soldadesca mercenaria de Castela acrecia e acrecia. Mais tivo que darse o seu triunfo pol-o retorto camiño da treidoria. Sóio esí poido abater o nobre señor da Frcuscira.

Xa apreixado co seu fillo e co seu leial Miranda, Castela, sempre feroce e sen piedade, os asesinou. ¡Onte coma hoxe! Onte decapitou a Pardo de Ceta; hoxe fusilou a Alexandre Bóveda. ¡E a nosa patria, a nosa adourada Galiza, amagastrada i encadeada!

A decapitazén de Pardo de Ceta marcou o comezo do tráxico via-crucis que ven percorrido Galiza e que aínda non rematou! Mais o espírito da galeguidade non morreu. Fica en pe, cada vez cada máis rexo e refulxente.

A galeguidade manténse fidel ao mensaxe que o Poeta da Raza, puxe nos beizos do mártir Mariscal Pardo de Ceta:

¡Qué as mocedades da Terra  
escoiten a miña voz!  
¡Qué o meu tráxico relembro  
alcenda os seus corazóns  
cando nos sigros combatan  
pol-o trunfo da nación!

# Quen Queira Entender que Entenda

O "entrefilet" firmado por Castela, que publicou A NOSA TERRA na primeira páxina do seu derradeiro número, parece que causou non-cha. Houbo algúns que se fixeron os parvos e dixeron que o atopaban escuro, a modo de xeroulfo; outros calaron a boca, mais torceiron o fincino; pero a maoria entendeu ben o que querían decir, e comentaron como é debido. A vos cantando destes comentaristas levouna —¿e cando non?— o noso querido colega "Opinión Gallega". Por seven taes comentarios os máis axetados, non resistimos ao desexo de reproducirlos para que se vexa que a cousa non estaba tan escuro como se decía.

"Sobor do Centro Galego — di o colega —, a nosa máisima e honrosa entidade, cernese o perigo de todos coñecido e que pesa angustiosamente no espírito leal e patriota da nosa masa de homes que amamos a liberdade e a democracia.

"O noso gran Castela — continúa "Opinión Gallega" — dou a vos de alarma, e os galegos debemos cumprir co noso deber de homes libres, civilizados e patriotas. Ao Centro Galego non se debe levar —nin siquera en visita fugaz e con serdina, según se dixó a maneira de escu-

sa— quen non pode ser recibido co respecto e a simpatía da inmensa maoria dos socios.

Hai unha monstrosa e intolerabel confabulación que debe facerse abortar para ben e tranquilidade de todos e para prestixio do noso nome, de Galiza e de Hespaña. Confabulación monstrosa dun número insignificante que por afinidades ideolóxicas, desexan que o feito se produza, pois representaría un trunfo para a súa triste causa política; e de outros, que dicíndose opostos ao réxime que padecese a nosa patria, desexan e estimulan traidora e ladinamente a consumación de tal vergonza e deshonra para que se desacrediten as atuais autoridades do Centro i elo les sirva de bandeira para refacerse dos seus recentes descalabros eleitoraes.

Uns e outros, como sinala Castela en frase perspicace e feli-ce, queren que a felonía se produza. Sóio nós, a gran masa popular galega, que tem o espírito e o corazón san, e que nada sabe nin quere saber das baixas e luxadas politiquerías do Centro Galego, sóio nós, galeguistas fervorosamente patriotas e sin-

## XOSE M. RODRIGUEZ

### SEIJO

Fai poucos días que aconteceu a morte de este bon irmán e bon galego, despóis de unha longa enfermidade e de ter sido submetido a unha operación que, desafortunadamente, non deu os resultados que de ela se agardaban, pese á boa atención de que foi ouxeto no Sanatorio do Centro Galego, donde estivo uns cantos meses.

Fóisenos con Rodríguez Seijo un dilecto amigo i-un compañeiro de ideais que tiña ben merecida a amistanza i-o respeito de todos nós pol-a súa fidalguia e pol-o cariño que sempre demostrou pra todo aquilo que tiña relación con Galicia. Foi un afevoadado galeguista que, nos seus muitos anos d-emigrado, soupo facer sempre honor ó seu bon nome de galego traballando nas nosas institucións e donando o seu xeneroso aporte á loita pol-a causa da terra onde nacera, pra que sempre gardou amor e fidelidade no seu corazón de bon fillo.

## O Centro Galego luxado

(Ven da páx. 1)

rín. Mais tamén recae en tudol-os compoñentes da Xunta Directiva do Centro Galego: nos once membros que pertencen a Agrupación Galicia e nos cinco que pertencen a Agrupación Celta, posto que ninguén d-iles se opuxo, pol-os meios ao seu alcance, a que se fixera a treiduría. A responsabilidade cae de cheo sobor das dúas ditas Agrupacións: a "Galicia" ea "Celta". Da "Galicia" é a maoria que poido evitalo coa suma dos seus votos; da "Celta" é a minoría que deixou facer sin tan siquera protestar, e coa presenza na recepción do "visitante" de membros conspicuos. Unha rexa protesta ou a renuncia dos membros da Xunta Directiva pertencentes a Agrupación "Celta" tería salvado, cando menos, a responsabilidade d-iles; e hastra reivindicaría o creto da dita Agrupación.

A moitísima responsabilidade d-Agrupación "Galicia" somentes terá salvación si o rexo movemento de protesta que se iniciou no seu seo chega a oute a forza percisa pra desautorizar e marcar a fogo aos persoeiros que andiveron na treiduría e pra espulsar das filas d-Agrupación ao culpabel máisimo: a Xosé Villamarín. Chegoulles a hora eisacta, a hora xusta aos republicáns d-Agrupación "Galicia" pra se decidir a cumprir co seu deber, pra amostrear a coledividade galega si son leiales a causa da Democracia Hespañola ea causa sagra da galeguidade, ou si son treidores e farsantes coma moitos pseudo republicáns que pol-a "Celta" andan a cuspir mintireiras afirmacións de galeguismo e republicanismo.

Os galeguistas fomos treidoados; mais a nosa conciencia está limpa e tranquiá. A xustiza da opinión pública da nosa coledividade ha de dar a súa sentenza e na súa hora cairán os treidores que deron a cara e tamén os que se agacharon raposeiramente.

xelamente republicáns, somos os que tratamos de evitala, sen que nos mova ningún intrínseco subalterno e sóio pol-o nobre e outo anxeio de servir á entidade e á nosa adourada patria: Galiza".

Coidamos que isto abunda para que se faga a lus nos espíritos máis envoltos nas tenebras. E agora esperemos os acontecementos.



Xa se terminaron as sesións da O. N. U. Os delegados tiñan presa por comel-o turrón, e marcháronse sen trataren importantes custións para a paz do mundo.

Ian a celebrar a festa da cristiandade, a festa da redención humán, a festa da fraternidade universal; i esquecéndose de que eles, úneamente eles, tiñan nas súas mans as chaves do ceo, deixáronos á porta aos que anxeamos gozar do paradiso que tanto nos prometeron.

¿A qué santo nos encomendaremos? ¿A San Pedro ou ao Tio Sam?

Por certo que unha das cousas de que se esquenceron foi o xa crónico "caso hespañol". Sucede con el un feito patente; que ninguén quere que se trate.

Amigos e nemigos da República hespañola coinciden cunha unanimidade maravillosa, maravillosa e misteriosa, sobor deste punto.

¿Qué azo de unión, qué corrente subterrána hai antre uns e outros para que ninguén desexe que se descubra o que existe no fondo do asunto?

¿Será por aquilo que lle decía D. Quixote a Sancho: peor é meneallo?

En troques, os que permanecen fermes e optimistas son os incomparabels membros do goberno que preside D. Alvaro. Nun aito reaizado en París deron un feixe de condecoracións e títulos de comendadores e cabaieiros a distintos persoaxes americáns, que se distinguiron por servicios prestados á causa republicana hespañola.

Somos os primeiros en recoñecer e gabar os méritos que poseen os agasallados, e nós non saberíamos cómo agradecer tantos favores que nos fixeron esas esgrevias figuras; pero ¿non habería outra maneira máis sinxela, cicáis máis cordial, para amostrarlles o noso eterno recoñecemento?

¿Será preciso acudir aos tópicos habituales dos gobernos verdadeiros, efectivos, cuia parodia é dunha ridiculez definitiva?

Non fagamos como os aristócratas arruinados, que, mortos de fame, levan bordada no seu moqueiro a coroa de nobreza. Teñamos un pouco de senso común.

¡Probe D. Inda! ¡Está feito un guiñapo! Despóis do fracaso rotundo da súa política de entrega, márchase para a casa, de onde nunca debeu haber saído, dicindo que se atopa enfermo. ¡Malpocado!

Non-os alegramos da súa enfermidade; pero sospeitamos que nos engana, como nos enganou sempre. Antóxasenos que a súa enfermidade é como a coxeira dun can, que teme as pedradas.

¡E non ían a ser pedras as que caesen na cachola de D. Inda, se non se retira a tempo!

O vaticano ordeou que se rezaran plegarias en total-as ilesias católicas pol-os perseguidos do mundo.

¿Estarán os republicáns hespañoes inculidos nesa crás de desgraciados?

O Sr. Artallo, que fai pouco tivemos a honra de que nos visitara, fixo unhas decraracións cheas de optimismo con respecto a Hespaña. Dixo que pouco a pouco se vai recoñecendo o beneficio que o seu país fixera en prol do trunfo dos aliados e que o cerco que éstos lle habían posto, cedendo á presión dos eistremistas, vaise tornando cada vez máis froxo, até o punto de que moitas nacións están xa reitificando a súa conduta, que tomaran obrigadas pol-o acordo das Nacións Unidas.

Son unhas decraracións, como se ve, un pouco eisaxeradas; básanse na admisión de Hespaña nunha comisión de estadística, que non ten valor político ningún.

O que non se contenta é porque non quere.

En cambio, o xeneralísimo non é da mesma opinión. O seu derradeiro discurso é dos máis sombrisos, senón o máis sombriso que pronunciou na súa afortunada carreira.

Queixase de que Norteamérica estalle apertando a gorxa nunha forma como nós non-o imaxinábamos. ¿Será posible?

Agora resulta que cando nós coidábamos, como todo o mundo, que os Estados Unidos eran os principaes amigos do caudillo, sae este afirmando todo o contrario.

¿Qué é o que pasa aquí, meller dito, alí? ¿Quere o escurridizo xeneral atemorizar ao tío american con algunha nova postura?

Nada nos estrana dun bailarín tan consumado, que tantas poses adoptou dende a súa intimidade co duce e co führer, a quenes abandonou dun xeito pouco edificante.

"Una morena y una rubia"... como canta D. Hilarión, o divertido boticario da Verbena da Paloma, podía haber cantado o presidente do Centro Galego, D. Xosé Villamarín antes de decidirse a navegar cara a barlovento.

Nós coidamos que equivocou o rumbo. Moito mellor para el sería si houbera seguido fidel á súa palabra de cabaleiro, sulcando as augas prazidas que o levarían a bon porto.

Sentímolo por él, cuio nauiraxio vai a ser dos que marcan época.

## SOMOS LIBERAES

"Xa chegou a República!", decían os republicáns hestóricos e repetía o pobo en 1931; mais, para decir que xa vivíamos en República era preciso contar c-un Goberno capaz de orgaizala sobor das realidades vivas do país e sen faltar endexamáis aos principios da xusticia e da liberdade. Dí Montesquieu que un pobo non é libre porque teña esta ou aquela forma de goberno, senón por gozar en paz e en liberdade da forma de goberno establecida pol-a lei.

Agora ben; hoxe están en vigor, e fronte a fronte no mundo, dous conceptos diferentes da lei. Uns dín que a lei, para selo, abonda con que o Goberno que a promulgue teña forza d-abondo para impoñela, e outros pensan que a lei, para selo, necesita que sexa acatada, servida e practicada libremente pol-o pobo. En ambos casos sempre será necesaria unha autoridade, material no primeiro caso e moral no segundo. Pero quén viva de realidades e non de doutrinas ou ilusións debe saber que unha autoridade de forza sempre resulta precaria, porque non pode permitirse o luxo de conceder liberdade ao pobo; pero unha autoridade puramente moral necesita de forza para impoñer a lei a quenes pretendan vivir fora d-ela.

Esto lévanos a pensar na grave enfermidade que hoxe sofren as democracias, porque si a democracia se asenta únicamente sobor da vontade da maoría, privanda á sociedade do dereito das minorías a convertirse en maoría —que esa é a reserva con que contan os povos para os seus avances—, os galeguistas atoparíanos n-un gran compromiso, porque nós, ademáis de ser demócratas, somos liberaes, ademáis de respetar a vontade da maoría, respetamos a liberdade das minorías, refugando toda caste de absolutismos políticos. Nós somos demócratas en tanto a democracia, entendida como lei da maoría, non esterilice o xenio dos homes e non afogue con viles artimañas o libre pensamento. Nós non concebimos a democracia sen liberdade, nin a liberdade sen orde e xusticia, porque somos esencialmente liberaes e fómolos sempre, dende Prisciliano até o P. Feixóo.

¿Qué ven a ser o problema autonomista de Galiza senón un problema de esencia liberal? Galiza quer ser autónoma porque o necesita, e para selo, non é preciso consultar ao resto de Hespaña, porque, de opoñerse, supoñería un abuso dos máis sobor dos menos, e por moitos votos que entrasen nas urnas para negarlle a Galiza un dereito xa concedido por lei de natureza, nós refugaríamos ese tipo de democracia. Nós aceptamos unha democracia hispana que respete o dereito das minorías, o dereito dos povos diferenciados; pero nunca o asoballamento da lei natural en nome d-unha pretendida lei da maoría, porque eso non sería xusto nin liberal. Nós queremos ser autónomos por propia decisión do pobo galego, non por acordo de quén non sexa galego, porque o que nós pretendemos é cousa nosa e patrimonial da democracia galega. En resume, queremos unha democracia hespañola que troque a Hespaña única e indivisible dos centralistas en Hespaña varia e armónica, queremos unha República federal, pol-a que Galiza sexa autónoma, non por gracia d-un Estado unitario, senón por xusticia natural.

(TRADUCCION)

"¡Ya llegó la República!", decían los republicanos históricos y repetía el pueblo en 1931; mas para decir que ya vivíamos en República era preciso contar con un Gobierno capaz de organizarla sobre realidades vivas del país y sin faltar nunca a los principios de justicia y de libertad. Dice Montesquieu que un pueblo no es libre porque tenga esta o aquella forma de gobierno, sino por gozar en paz y en libertad de forma de gobierno establecida por la ley.

Ahora bien; hoy están en vigor, y frente a frente en el mundo, dos conceptos diferentes de ley. Unos dicen que la ley, para serlo, basta con que el Gobierno que la promulgue tenga fuerza suficiente para imponerla, y otros piensan que la ley, para serlo, necesita que sea acatada, servida y practicada libremente por el pueblo. En ambos casos siempre se precisará una autoridad, material en el primer caso y moral en el segundo. Pero quien viva de realidades y no de doctrinas o ilusiones debe saber que una autoridad de fuerza siempre resulta precaria, porque no puede permitirse el lujo de conceder libertad al pueblo; pero una autoridad puramente moral necesita de fuerza para imponer la ley a quienes pretendan vivir fuera de ella.

Esto nos lleva a pensar en la grave enfermedad que sufren hoy las democracias, porque si la democracia se asienta únicamente sobre la voluntad de la mayoría, privando a la sociedad del derecho de las minorías a convertirse en mayoría —que esa es la reserva con que cuentan los pueblos para sus avances—, los galleguistas nos hallaríamos en un gran compromiso, porque nosotros, además de ser demócratas, somos liberales, además de respetar la voluntad de la mayoría, respetamos la libertad de las minorías, rechazando toda clase de absolutismos políticos. Nosotros somos demócratas en tanto la democracia, entendida como ley de la mayoría, no esterilice el genio de los hombres y no ahogue con viles artimañas el libre pensamiento. Nosotros no concebimos la democracia sin libertad, ni la libertad sin orden y justicia, porque somos esencialmente liberales, y lo fuimos siempre, desde Prisciliano hasta el P. Feijóo.

¿Qué viene a ser el problema autonomista de Galicia sino un problema de esencia liberal? Galicia quiere ser autónoma porque lo necesita, y para serlo, no es preciso consultar al resto de España, porque, de oponerse, supondría un abuso de los más sobre los menos, y por muchos votos que entrasen en las urnas para negarle a Galicia un derecho ya concedido por ley de naturaleza, nosotros rechazaríamos ese tipo de democracia. Nosotros aceptamos una democracia hispana que respete el derecho de las minorías, el derecho de los pueblos diferenciados; pero nunca el avasallamiento de la ley natural en nombre de una pretendida

## "AHI QUEDA ESO"

Eso ven a ser o que dixo don Indalecio Prieto ao arredarse da política activa, dispóis de ver fracasadas as súas derradeiras manobras. E nós soio sentimos que non se houbese retirado antes; pero nada nos custa despedilo con todo respecto: "Que usted lo pase bien".

Non negamos as dotes parlamentarias de que fixo gala don Indalecio Prieto ao enfrentarse cos caremáns da monarquía alfonsina, nin esquecemos o decisivo influxo que dispóis exerceu sobor do Parlamento e os homes da República. Na oposición era temibel e no poder foi temido, tanto pol-a súa desenfadada oratoria como pol-o seu raro talento de polemista. Pero don Indalecio adicouse especialmente a un xénero de artimañas políticas que nada teñen que ver coa ciencia ou arte de gobernar. Non foi, pol-o tanto, un estadista; foi, si, un inxenioso político, capaz de derrubar ao Goberno mellor asentado. Todos lembramos as súas campañas demoeoras, e d-ahi provén que moitos republicáns desterrados, e moitos que sofren escravitude no interior, puxesen os ollos en tan inxenioso político, esperando que as súas maquinacións lograsen restaurar a democracia en Hespaña. Quén inventou o estraper-

lo para residenciar a Lerroux ben podía inxeniar-se para derrubar a Franco; e se o vello nemigo da monarquía buscaba agora unha alianza cos monárquicos, eso era sinal de que non había outro remedio para prescribir a ditadura franquista. "Por algo Prieto fai eso..." E con esta frase entrou a claudicación no ánimo de moitos republicáns; pero agora resulta que non abendaba un inxenioso parlamentario, por ducho que fose en aproveitar as debilidades alleas, porque agora o que se necesitaba era un verdadeiro i experimentado estadista, ou, pol-o menos, un home con vontade de ferro, capaz de morrer diñamente no eisilio con tal de salvar a causa dos herois e mártires da República. Ese home non era Prieto, que chora no desterro e cultiva un patriotismo sensibleiro e debilitante, dispóis de ser temibel e temido.

Os moitos erros que cometeu don Indalecio como cacique máisimo da República foron debidos ao seu temperamento apaixonado e decote rencoroso, non a frías razóns de goberno. Así, por non ver a Lerroux na Presidencia do Estado propiciou a candidatura de Don Niceto, e logo derrubouno con excesivo escándalo para sustituílo por Azaña e verse li-

bre de competencias no Parlamento. Claro está que non val a pena de lembrar agora os erros hestóricos do Sr. Prieto, anque resulte inesquecibel a súa manía de reducir a base da República, paralizar as obras de vital importancia que se estaban facendo e trocarse en cancerbeiro d-un tesouro que, por gardalo tanto, converteuse en fume de pólvora. Certo é que nós, os galegos, non podemos nin debemos perdoar as inxurias que Prieto nos infireu, como ser a paralización das obras do ferrocarril de Zamora a Ourense, so preteste de que Galiza non tiña capacidade económica para sostelas. Non; non é certo que don Indalecio Prieto fose un sabio gobernante, nin que o espírito de xusticia guiara o seu entendimento, pois ben ás claras está que as súas maquinacións van a parar en desastres. E decimos esto, xa non pol-o que fixo en vida da República, senón pol-os danos irreparabeis que causou no desterro.

Algunha vez eisaminamos a conduta dos gobernantes da segunda República en comparanza cos da primeira, e notamos unha enorme diferenza, sobor de todo ao vulgar o comportamento que observaron no desterro. Calisquera pode ver hoxe que os homes do 73 eran especificamente republicáns, demócratas por esencia liberal, e coas súas virtudes fixeron posibel a sobrevivencia do republicanismo en Hespaña. En troques, os republicáns do 1931 sentíronse como avergoñados do seu nobre orixe, e, sen seren socialistas, convertíronse en comparsas do socialismo orgaizado. Así ocorreu que nas engullosas loitas persoas de Prieto contra Largo Caballero, primeiro, ou de Prieto contra Negrín, dispóis, os republicáns tomaban partido a favor ou en contra de Prieto, producindo eseições e desbaraxustes do republicanismo. Non abondou que os gobernantes da segunda República deixaran atrás de si un pobo heroico e mártir, que os obrigase á recordación dos seus deberes, porque, por seguir a Prieto ou a Negrín, a causa republicana está hoxe en crisis, e xa non sabemos de quén é a maior culpa. O certo, o certísimo, é que a retirada de Prieto debeu producirse ao caer a República e non dispóis de facer tanto mal como fixo, porque a inútil claudicación dos socialistas enxendrou un decaimento dos ideaes republicáns e por ende un fortalecemento da ditadura franquista no mesmo intre en que debía caer.

O prietismo e o negrinismo encerraban algo que non sería cordo descubrir en letras de molde, anque todos o saben. O caso foi que o negrinismo desapareceu por escotillón, deixando ás súas anchas o prietismo. Mais... ¿qué ven a ser o prietismo? A creencia, demasiado tardía, de que Hespaña está moi por enriba da República; a suposición, demasiado inocente, de que os monárquicos necesitan aliarse cos socialistas para derrubaren a Franco; o propósito, demasiado egoísta, de vender a República a troco de restaurar oficialmente en Hespaña o Partido Socialista. Para esto, don Indalecio Prieto foi minando a vontade dos republicáns, opoñéndose a calisquera orgaismo representativo da legalidade suprimida violentamente.

(Continúa na p. 4)



Ao son da  
zanfona

## A boroto no Cortello

A duquesa de Valencia  
é unha duquesa sin par;  
a ela ninquunha escelencia  
pode facela cabar.

As verdades do barqueiro  
cántallas ao máis pintado;  
mide con igual rasciro  
ao xeneral e ao soldado.

Deste xeito, ao "gran cochón"  
dílle unhas cantas frescas,  
coas agallas dun varón  
e coa agudeza das pescas.

E chamándolle ao pan, pan,  
e, grave está, ao viño, viño,  
non lle deixou oso san  
ao probe do Farruquiño.

No cortello houbo un levante;  
o porco berrou ao punto,  
temendo chegara o instante  
que lle sacurán o unto.

Obispos e xenerales  
quedaron de asembro mudos;  
mostraron pol-as sinales  
o serón uns calzonudos.

¡Que unha indefensa muller  
tiráralles que insinar  
cómo se ten que facer  
para o coche endoveilar!...

Como unha infernal cauria  
lanzouse a Falanxe apresa,  
e nada menos pedía  
que a cachola da duquesa.

Sóio sacu un señor  
en defensa desta dona;  
mais ela i o defensor  
foron parar en chirona.

Xuzgounos un tribunal,  
que cla meitou nun bolsillo  
coa súa entrada triunfal  
feita fumando un pitillo.

El co seu grande tupé,  
a duquesa de Valencia  
conquiereu, como Ferné,  
das ruces a clemencia.

¡Hespaña triste nación,  
da barbarie e de samete!  
Para os homes ¡qué leición!  
¡Val unha muller por sete!

¡Ou marcos de Lurapés  
e da Bombilla que un día  
dechados morto ao francés,  
que asoballarnos quería!...

¡Habrá que esperar, en fin,  
que nesta vida "cochina",  
en lugar dun matachín,  
rezurda unha matachina?

P O R

VERDUGUILLO

ley de la mayoría, porque eso no sería justo ni liberal. Nosotros queremos ser autónomos por propia decisión del pueblo gallego, no por acuerdo de quien no sea gallego, porque lo que nosotros pretendemos es cosa nuestra y patrimonio de la democracia gallega. En resumen, queremos una democracia española que trueque a la España única e indivisible de los centralistas en una España varia e armónica; queremos una República federal, por lo que Galicia sea autónoma, no por gracia de un Estado unitario, sino por justicia natural.

PRINCIPIOS DO GALEGUISMO

- 1 - Galiza, unidade cultural.
- 2 - Galiza, povo autónomo.
- 3 - Galiza, comunidade cooperativa.
- 4 - Galiza, célula de universalidades.

# A NOSA TERRA

(NUESTRA PATRIA)

CORREO ARGENTINO CENTRAL B

FRANQUEO PAGADO  
Concesión N.º 2022

TARIFA REDUCIDA  
Concesión N.º 2727

Registro Nacional de la Prop. Intelectual 231.437

Ano XXX — Núm. 466

BOS AIRES, DECEMBRO DE 1948

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

## Xantar Patriótico

O presidente do Consello de Galiza, Dr. Alfonso R. Castelao, agasalla aos que enoutecen o nome da nosa Terra

Celebrando a terminación do ano, tan pródigo de feitos na nosa coledividade, o presidente do Consello de Galiza, Dr. Alfonso R. Castelao, ofreceu un xantar en honor de todos aqueles que se distinguiron pol-os seus aitos en prol da nosa Patria.

No fermoso Pazo Galego, que en Olivos posee o Centro Pontevedrés, realizouse o sábado 18 pol-a noite a simpática reunión, ornada por unha gran bandeira galega.

A mesa foi disposta de xeito que había dúas cabeceiras, presidida unha pol-o Dr. Castelao e outra pol-o segredario do Consello, Sr. Alonso Ríos. Arredor de ambas cabeceiras, sentáronse os seguintes señores: Manuel Puente, Pedro Campos Couceiro, Claudio Fernández, señor Lago, representante da Federación de Sociedades Galegas; Antonio Rodríguez, presidente do Centro Ourenseño; M. Muñiz, pol-o Centro Pontevedrés; Manuel Fernández e Manuel González, pol-o Centro Lucense; Sr. García Naya, pol-o Centro Coruñés; o vicepresidente do Centro de Betanzos; o presidente do Centro A. B. C. de Corcubión; señorita Maruja Boga e Alfredo Aróstegui, pol-a audición radial "Recordando a Galicia"; doutor Alfonso Díaz Trigo, director do periódico "Lugo"; Enrique A. González, director do periódico "Opinión Gallega"; doutor Ramón Rey Baltar, director de A NOSA TERRA; Isidro B. Maiztegui, director da Coral "Terra Nosa"; Xavier Bóveda, o doutor Xosé Núñez Búa, Avelino Díaz, Manuel Agromayor, o doutor Fiz Fernández, Alfredo Magdalena, Faustino Iglesias, José S. Rodríguez, Valeriano Saco, F. Fernández, Manuel Silva, Eduardo Blanco Amor, Cándido Rey, Rodolfo Prada, José B. Abreira, Manuel López (h.), Manuel Ucha, Jesús Sinde, Antonio Suárez, José da Porta, Daniel Varela Buján, Manuel Sastre, Antonio Gómez, José M. Blanco e o popular "Tacholas". Eiscusaron a súa asistencia os señores Jesús Porto, Perfecto López, José M. Cascallar, Antonio Alonso Pérez, Ramón Mouzo, José Barreiro, Rafael Cabo, Santiago Suárez, director de "Galicia"; M. García Ancerás, Edelmiro Peña, Juan Longueira e o director do coro "Os Rumorosos".

### DISCURSO DE ALONSO RÍOS

Con elocuentes verbas, ofreceu a demostración o entusiasta loitador Antón Alonso Ríos, quen no nome do Consello de Galiza e como segredario do mesmo, eispuxo os motivos do aito que se realizaba. O organismo que no eisilio considérase como o máis representativo da nosa Terra, pois é está constituído por deputados de distintos partidos, quixo premiar cunha cea de irmáns

aos homes que en distintas formas habían honrado a Galiza, durante o ano que finaliza. Aludeu especialmente aos elementos que formaron a Comisión intersocietaria, que orgaizou os aitos celebrados en conmemoración do Plebiscito e do día dos mártires, dos caes Alexandre Bóveda é o símbolo; destacou a labouira patriótica dos periódicos "Opinión Gallega", "Lugo", "Galicia" e A NOSA TERRA, o mesmo que a desenvolada pol-a audición radial "Recordando a Galicia", sempre tan axeitada e voluntariosa; puxo de manifesto o brillo das Xornadas Galegas, realizadas pol-o Centro Galego, o Centro Ourenseño e o Centro Lucense; refírese con encimio á Eispósición do Libro Galego e aos oradores que a honraron cos seus discursos, e por último, falou dos coros, que cos seus cantos, henchidos de voces da patria querida e lonxana, levaron a todolos aitos a imaxen bendita da Galiza que decote se ergue no noso corazón. Quentes aplausos rubricaron o brillante discurso do señor Alonso Ríos.

### FALA D. MANUEL PUENTE

A continuación, falou o presidente da Comisión de Facenda do Consello de Galiza, D. Manuel Puente, coa sinxeleza tan característica nel, escomezou facendo un eloxio das persoalidades do Consello, cuia delicadeza, en materia económica é dunha pulcritude ausoluta. El, como presidente da Comisión de Facenda, está autorizado para decir que endexamáis o Consello recibiu diñeiro. A Comisión é a única que o manexa e a que finanza os proxectos que o Consello somete á súa aprobación. Deste xeito, a situación do Consello de Galiza é dunha pureza e dunha diñidade que pode servir de exemplo a todos. Agradeceu aos seus compañeiros de Comisión a axuda valiosa que prestan á causa galega, nomeándoos para que sexan coñecidos e alabados: Jesús Porto, Alfredo Magdalena, Perfecto López, José M. Cascallar, Antonio Alonso Pérez, Faustino Iglesias, José S. Rodríguez, Claudio Fernández, Rodolfo Prada e José B. Abreira.

"Estes homes — dixo — merecen o recoñecimento de todolos bós galegos". Finou o seu discurso, que foi acollido con moitos aplausos, facendo un chamado para axudar ao Consello na súa loita en prol da liberdade e da autonomía de Galiza.

### ELOCUENTES VERBAS DE CASTELAO

Inmediatamente, a outa e galardada figura de Castelao ergueuse no meio dunha xeral e garimosa aclamación. O presidente do Consello de Galiza comenzou manifestando, que, diante da imposibilidade de abrazar a todos, un por un, facíao como aito simbólico, dándolle unha aperta ao

patriarca do galeguismo na Arxentina, D. Pedro Campos Couceiro, que estaba sentado á súa veira. (O xesto, que emocionou aos concurrentes, foi moi aplaudido). Seguidamente adicou un agarimoso recordo aos membros do Consello de Galiza ausentes: señores Elpidio Villaverde, convalcente aínda dunha grave doenza, e Ramón Suárez Picallo, residente en Chile. Tivo tamén unha cordial lembranza para o deputado galego, D. Alfredo Somoza, agora incorporado ao Consello, quen, despois de once anos de angustiosa vida oculta en Galiza, fuxindo dos lobos de falanxe, logrou escapar a Franza e dende alá trasladarse a Montevideo, onde reside, habendo conquerido xa co-seu espírito de traballo e a súa intelixencia un outo posto nunha importante empresa industrial. Analizou logo a labouira patriótica realizada en Bós Aires pol-a nosa coledividade durante o ano que fenece, eispresando a súa grande satisfacción pol-as brillantes xornadas, pleas de galeguismo e de fervor, celebradas neste ano.

Foi moi aplaudido o nuncio que fixo do aito xeneroso dun patriota galego, cuio nome calou, pero que estaba nos beizos de todos, que se comprometeu a costear a edición dunha Historia de Galiza, escrita na nosa língoa por coñecidos especialistas, baixo a dirección do eminente polígrafo, D. Ramón Otero Pedrayo, cuio nome garantiza a bondade da obra.

Puxo logo de reléve o éisito das Xornadas Galegas, que mereceron eloxiosos comentarios, como o do gran xornal "La Prensa", sobor da Eispósición do Li-


### "AHI QUEDA ESO"

(Ven da páx. 2)

tamente por Franco. Combateu con toda caste de armas ao Goberno presidido por Giral e avalado pol-as Cortes en México, até lograr a súa desaparición. E despois de acabar con todo siño de legalidade republicana no exterior, sin que por eso trunfase nas súas negociacións cos monárquicos, acorda retirarse da política. E tál proceder non pode xustificarse e menos perdonarse.

Non é un segredo decir que o fracaso de Prieto está producindo arestora o arrepentimento de moitos republicáns, porque foron cómplices declarados da claudicación socialista ou porque intimamente desexaban que se restaurase a monarquía en España con tal de poder repatriarse con algunha diñidade. A este propósito será ben declarar que os galegos non claudicamos nin claudicaremos endexamáis, do mesmo modo que nunca fomos prietistas nin comparsas de ningún. Para nós non é unha desgracia morrer no desterro; desgracia sería morrer deshonrados por traicionar torpemente os nosos idees.

## GALIZA EN CHILE



EDUARDO BLANCO-AMOR, o esgrevio escritor e poeta galego acaba de faguer en Chile unha intensa e profunda labouira intelectual e política en defensa e honra da nosa Terra, deixando sempre ben nidea a súa condición de intelectual galego. Vémol-o nesta foto na compañía de Ramón Suárez Picallo, deputado a Cortes exilado naquil país e membro de Consello de Galiza, e de Manuel Celso Garrido, irmán tamén exilado na outra veira dos Andes, e delegado do Consello na veciña República, o día que despediron o poeta c-unha comida íntima

## Aito Artístico pr-o Fogar Galego pra Ancianos

O día 23 de Nadal derradeiro, realizouse no salón da Federación de Sociedades Gallegas un aito artístico pra arrecadar fondos pro sostenimento d-esta benemérita entidade i-axuda ós velliños que alí están acollidos ó amor de todos os galegos que aínda non saben das tristuras da vellez desemparrada i-horfa de agatimo.

bro Galego, que foi unha verdadeira revelación para moitas persoas, e non das menos cultas. Referíndose á súa colaboración e á dos seus amigos nos aitos realizados pol-o Centro Galego, afirmou que non-os había movido máis intrés que o puramente patriótico; pero que, ademais, habían eisixido e outido garantías de que o Centro non se complicaría coa política que a nosa coledividade rechaza. E a este propósito, recalcou con énfasis, que endexamáis aceptará ningunha compoñenda con traidores e que loitará con total-as súas forzas para evitar que a nosa máisima institución sexa arrasada pol-o fango, constituindo a vergonza da nosa coledividade. "Val máis — dixo — que o Centro Galego se funda con todo o que hai dentro, antes que vender o seu espírito de tolerancia e liberdade por unhas miserabeis vigas de ferro". (Unha longa e ardorosa salva de aplausos acolleu estas verbas de Castelao).

Para terminar adicou emocionadas e agarimosas frases para os que alí, na nosa Terra, siguen traballando a pesares de total-as persecucións e de todol-os fusilamentos, pol-a causa común, que é a de Galiza, a da democracia e a da liberdade. Unha calurosa ovación foi tributada ao esgrevio orador pol-a entusiasta concurrencia, que posta de pé non se fartaba de aplaudir ao noso infatigabel persoero. En resume, unha espléndida reunión que sirveu para afinicar os idees galeguistas e reafirmar a fé no trunfo nun mañán quizaís non lonxano.

O aito levouse a cabo baixo e patrocinio das señoras de Castelao e de Prada e coa dirección da enxebre artista galega Maruja Villanueva, a colaboración de Maruja Iniesta, Lita Suárez, i-outros artistas nosos, amén d-un conxunto de gaitas e parexas de belladores, o Coro "Os Rumorosos" i-unha exhibición da Danza de Mariñeiros por un ben discipinado fato de rapaces do Centro Betanzos.

Foi unha festa belida pol-o seu desenrolo, pol-a calidade artística das interpretacións de todos cantos tomaron parte n-ela e pol-o fin a que estaba adicada. Dixo unhas verbas mui emotivas o noso irmán Rodolfo Prada, Avelino Díaz dixo o poema de Curros "A Emigración" i-en todol-os intrés, ó finlar caa número da representación o público deu o seu aprauso a todos os artistas. Maruja Villanueva foi uní felicitada pol-a súa dirección e pol-o desenrolo do aito. A concurrencia non foi mui grande, aínda que, tendo en conta a data i-o tempo, tam pouco foi escasa; pro, somentes estaban alí as persoas que se ven decote en altos d-esta natureza, as xenerosas que sempre amostan a súa nobreza pra axudar ós probes e non miden o sa creficio cando se trata de ter solidariedade cos atrixidos; os nosos velliños merecían mais axuda de parte de os que teñen a obriga de ser solidarios co calor dos irmáns e cea fatiga da anciandade.

Causa pena ver como, n-estes aitos, non se topan nunca esas xentes que calquera domingo se van a cruzonar n-un lameiro ó pe do río, a pertexto d-unha división que vai sendo cada vez mais immoral e noxenta, ou se meten nas "milongas" tod-o inverno, sin pensar nunca nos desemparrados. Quizabes non pensar que eles tamen poden chegar a verse n-ese estado e, por elo, non se sinten obrigados a dar axuda ós que, cangados de anos e de tristuras, somentes contan coa boa vontade dos que sean sensibiles ó calor alío e sintan respecto pol-a vellez atormentada.

Aitos como o que motiva este comentario deben facerse cada vez que se poida i-hai que contrebua a o seu éxito canto mais sexa posible. O Fogar Galego pra Ancianos i-os velliños que alí están recreman a solidariedade de todos os que aínda temos forzas pra sosternos na vida.

Felicítamos ás señoras patrocinantes, á directora i-á todos os que aportaron a súa labouira i-á súa persencia en homaxe a solidariedade humana i-á vellez dos nosos irmáns que non se poden valer.